



Coordinadora de Traballadores/as de  
Normalización da Lingua  
CIF: G-15542897  
Apdo. 771 Santiago de Compostela  
Tfno.: 629 571 950  
info@ctnl.org  
www.ctnl.org

## **Sobre os servizos de normalización lingüística (SNL) e a promoción do uso do galego desde as administracións locais**

A normalización lingüística é un proceso social participativo que, ou é protagonizado pola propia sociedade que se implica nun proceso de cambio, ou non se consegue, e as administracións públicas teñen a obriga<sup>1</sup> e responsabilidade de apoiar e promover ese proceso. Para implicar á sociedade nese proceso de cambio, as administracións deberían implementar políticas lingüísticas activas, dinámicas e integradoras para así implicar no proceso normalizador ás distintas entidades, sectores e colectivos sociais.

Para desenvolver e implementar as súas políticas en calquera ámbito, as administracións públicas dótanse de instrumentos técnicos. Así, para desenvolveren a política urbanística teñen departamentos de urbanismo, oficinas técnicas, etc.; para desenvolveren as políticas culturais teñen departamentos de cultura; para desenvolveren as políticas ambientais crean departamentos de medio ambiente; etc. E a lingüística, como calquera outra política, non pode ser implementada sen contar cun departamento técnico.

Pois ben, no ámbito da política lingüística eses departamentos técnicos son os servizos de normalización lingüística (SNL), con todas as variantes na denominación: departamento de lingua, gabinete de normalización, servizo lingüístico, etc.

Os servizos lingüísticos nacen en Galiza a raíz da Lei de normalización lingüística (1983), da Asemblea de Alcaldes de Compostela (1984)<sup>2</sup>, da Lei de uso do galego como lingua oficial polas entidades locais (1988) e da primeira convocatoria de subvención para corporacións locais para a creación de servizos lingüísticos municipais (1991)<sup>3</sup>.

## **Funcións dos SNL**

Polo xeral, estes departamentos teñen como obxectivo principal incrementar o uso e prestixio da lingua galega no ámbito municipal, mais as funcións concretas poden variar dun concello a outro, xa que non hai ningunha definición institucional e formal destas nin ningún organismo institucional coordinador das tarefas destes SNL. Ante

---

<sup>1</sup> O Goberno galego e as corporacións locais dentro do seu ámbito fomentarán a normalización do uso do galego nas actividades mercantís, publicitarias, culturais, asociativas, deportivas e outras (Art. 25 da Lei 3/1983 de normalización lingüística). O Goberno galego asumirá a dirección técnica e o seguimento do proceso de normalización da lingua galega; asesorará á Administración e aos particulares, e coordinará os servizos encamiñados a conseguir os obxectivos da presente Lei. (Art. 22 da Lei 3/1983 de normalización lingüística).

<sup>2</sup> A Asemblea de Alcaldes de Compostela tivo lugar en 1984 e nela participaron máis de 100 alcaldes e alcaldesas. Nesta Asemblea asinou un manifesto que recollía 10 medidas concretas; a medida 5 era, textualmente: «Creación dun servizo municipal de normalización lingüística, encargado de asesorar e executar a política lingüística *ad intra* e *ad extra* da corporación».

<sup>3</sup> Na actualidade sigue a existir esta liña de axudas, aínda que ten moitas carencias. Desde a Deputación da Coruña promóvese tamén a creación e mantemento de SNL a través de convenios cos concellos.



Coordinadora de Traballadores/as de  
Normalización da Lingua  
CIF: G-15542897  
Apdo. 771 Santiago de Compostela  
Tfno.: 629 571 950  
info@ctnl.org  
www.ctnl.org

estas carencias, a Coordinadora de Traballadores/as de Normalización da Lingua (CTNL) fixo en 2006 unha proposta<sup>4</sup> de definición das funcións a partir das que elaborou, ademais, o perfil dos seus traballadores e traballadoras. As funcións xerais definidas nesta proposta poden resumirse nas seguintes:

### **Funcións xerais internas**

- Asesorar á administración en todo o relacionado coa política lingüística.
- Facer un seguimento do cumprimento da lexislación en materia lingüística por parte da institución e, polo tanto, velar para que se lle garantan os dereitos lingüísticos á cidadanía.
- Colaborar coa administración para determinar os perfís lingüísticos necesarios en cada un dos postos de traballo e colaborar nas probas e procesos selectivos para que se avalíen convenientemente os coñecementos lingüísticos por parte dos/as aspirantes.

### **Dinamización lingüística**

O proceso de normalización do galego debe conformarse como un proxecto social que compile as accións e vontades da cidadanía, das organizacións e das institucións. A normalización lingüística debe entenderse, polo tanto, como un proceso social participativo, democrático e construtivo.

Dende os SNL póñense en marcha programas destinados a conseguir a implicación progresiva de todos os colectivos neste proceso. Para acadar este obxectivo desenvólvense as seguintes accións:

- Planificar, xestionar, executar e avaliar accións a prol da lingua galega seguindo as directrices de política lingüística do organismo.
- Fomentar o uso do galego no ámbito socioeconómico e, en xeral, en todos os sectores de importancia para a súa repercusión social..
- Propoñer programas dinamizadores e actividades concretas que conciencien á sociedade respecto ao uso da lingua galega.
- Propiciar e xestionar liñas de información e axuda dirixidas á rede asociativa, empresarial e educativa para fomentar o uso do galego.
- Promover e coordinar grupos de persoas interesadas no proceso de normalización lingüística para que funcionen como axentes normalizadores na sociedade.

### **Formación (socio)lingüística**

<sup>4</sup> «Servizos lingüísticos das administracións públicas galegas: Recomendacións e mínimos que deben cumprir as convocatorias de postos de traballo», Coordinadora de Traballadores/as de Normalización da Lingua (CTNL), 2006.



Coordinadora de Traballadores/as de  
Normalización da Lingua  
CIF: G-15542897  
Apdo. 771 Santiago de Compostela  
Tfno.: 629 571 950  
info@ctnl.org  
www.ctnl.org

O proceso de normalización require tamén de intervencións formativas, tanto lingüísticas como sociolingüísticas.

- Planificar, xestionar, coordinar e difundir a realización de cursos de lingua galega, xerais e específicos.
- Difundir materiais que contribúan á tarefa normalizadora: dereitos lingüísticos, lexislación, recursos lingüísticos, etc.
- Colaborar no deseño de programas de formación non lingüística para garantir a presenza do galego e de contidos favorábeis á mellora de actitudes lingüísticas.

### **Asesoramento lingüístico**

A función básica dos SNL é a de facer progresar a lingua, incrementar o seu uso e mellorar a calidade da comunicación. Desenvólvense, por tanto, actuacións destinadas a dotar de prestixio o galego. Para isto cómpre intervir non só sobre o *estatus* da lingua, senón tamén sobre o *corpus*, para o que se desenvolven, polo xeral, as seguintes accións.

- Mellorar a calidade lingüística e comunicativa da administración.
- Normalizar a imaxe lingüística e fixar criterios lingüísticos para a organización.
- Resolver dúbidas lingüísticas.

Tradicionalmente entendíase por asesoramento lingüístico o feito de traducir e corrixir textos. Sobre isto, cómpre facer algunhas puntualizacións: se os concellos teñen a obriga de utilizar como lingua de uso normal o galego, non pode ser práctica habitual dos SNL a tradución de documentos de castelán a galego. A tradución debe ser só unha tarefa moi puntual, como por exemplo, para certa documentación non producida pola propia institución e que teña que ser difundida por esta. Polo tanto, a tradución non pode ser unha función habitual do SNL. Con respecto ao asesoramento, á corrección, esta non debe ser nunca un fin en si mesmo, senón que debe repercutir na formación dos/as propios/as produtores/as de textos.

### **Sobre o perfil dos traballadores e das traballadoras dos SNL**

Atendendo ás funcións dos SNL e tendo en conta que a gran maioría dos casos de SNL de concellos son departamentos unipersoais, cómpre ter en conta que o/a técnico/a de normalización lingüística debe reunir os requisitos necesarios para desenvolver esas funcións.

Na actualidade, salvo contadas excepcións, a gran maioría dos/as técnicos/as de normalización lingüística dos concellos galegos son licenciados/as en Filoloxía Galega (ou equivalente) e na maioría dos casos esta titulación foi un requisito para poder optar a ese posto de traballo.



Coordinadora de Traballadores/as de  
Normalización da Lingua  
CIF: G-15542897  
Apdo. 771 Santiago de Compostela  
Tfno.: 629 571 950  
info@ctnl.org  
www.ctnl.org

Non obstante, na proposta da CTNL de 2006 que xa se citou anteriormente propónse que as prazas para o desenvolvemento do traballo en servizos lingüísticos deben ser ou estar para todos os efectos equiparadas ás prazas de funcionarios/as do grupo A (doutores/as, licenciados/as, enxeñeiros/as, arquitectos/as ou equivalentes). Polo tanto, os/as técnicos/as de normalización lingüística deben estar en posesión do título de licenciado/a universitario/a ou equivalente e, debido a que non hai unha titulación específica relacionada directamente co traballo en normalización lingüística, cómpre ter en conta que, polo xeral, na titulación en Filoloxía Galega hai unha especial sensibilidade pola formación en temas relacionados coa normalización do uso do galego, polo que esta licenciatura non debería estar nunha excluída, mais isto non quere dicir que eses postos de traballo se deban limitar a esa licenciatura, pois hai outras titulacións relacionadas (Socioloxía, Psicoloxía, Pedagogía, Ciencias Políticas, Comunicación, etc.) e outros coñecementos que se deben posuír, polo que é sempre fundamental a avaliación dos coñecementos específicos para o desenvolvemento das funcións concretas do posto, pois ningunha titulación garante os coñecementos e capacidades necesarias.

## **Sobre o posicionamento dos SNL na estrutura orgánica dos concellos**

A posición que un SNL ocupe na estrutura orgánica da organización é clave para a súa incidencia no seo desa organización, para a actuación transversal e para a proxección do seu labor fóra desa entidade. En primeiro lugar é clave que os SNL sexan unidades orgánicas recoñecidas como tales na estrutura da propia entidade, e isto é algo que apenas ocorre. En segundo lugar é importante que os SNL estean adscritos a estruturas políticas que estean no cumio da organización (Alcaldía, concellarías transversais, etc.), para que deste xeito se poida executar unha acción tanto en sentido vertical como transversal. Isto está moi afastado da realidade actual, pois, polo xeral e salvo casos moi puntuais, os SNL ocupan unha posición de escasa relevancia, o que reduce a súa incidencia e capacidade de actuación. Outra problemática que se apunta, é a tradicional adscrición dos servizos a departamentos de Cultura ou Educación, o que connota as tarefas normalizadoras, reduce as posibilidades de actuación transversal e a identificación e adhesión dos outros departamentos cos obxectivos da política normalizadora da entidade.

## **Sobre a coordinación dos SNL**

Con respecto á coordinación entre concellos e/ou de concellos coa administración autonómica, esta é, até o momento, inexistente, aínda que existen un proxecto de creación dun Consorcio de Planificación Lingüística do que formarían parte os concellos, deputacións, Xunta e outras entidades lingüísticas e desde o que se marcarían as directrices conxuntas de actuación en política lingüística de acordo co Plan xeral de normalización da lingua galega (PXNLG) aprobado por unanimidade no Parlamento galego en 2004 e desde onde se coordinarían as accións. De momento, este consorcio aínda está en proceso de constitución.